

BANDO

MEDIDAS PREVENTIVAS ANTE A SECA E USO RESPONSÁBEL DA AUGA

D. XOSÉ MANUEL FERNÁNDEZ ABRALDES, ALCALDE DO CONCELLO DE BARRO **FAI SABER:**

Que **debido á falta continuada de precipitacións e á situación de seca** que estamos a padecer nesta época do ano, os mananciais e captacións que abastecen a rede de traída municipal están a sufrir unha diminución progresiva e preocupante dos seus caudais.

Cómpre sinalar que a situación actual non é crítica, mais ante a ausencia de predicións de choiva a curto prazo e co obxectivo de evitar problemas no subministro nas vindeiras semanas ou meses, faise necesario adoptar medidas preventivas e responsables. Aínda queda moito verán por diante e a situación de seca podería prolongarse.

Por todo isto, **faise un chamamento á responsabilidade colectiva e ao uso racional da auga da rede municipal**, e lémbrese a **PROHIBICIÓN** de destinar auga da rede municipal para usos non esenciais, tales como:

- O rego de xardíns, hortas e prados.
- O cheo ou recheo de piscinas.
- O lavado de vehículos.
- O baldeo de patios, beirarrúas, terrazas ou fachadas.

Prégase un **consumo estritamente moderado e consciente** no ámbito doméstico, adoptando pequenos xestos de aforro no día a día que permitan garantir o abastecemento básico mentres dure esta situación.

A colaboración de todos e todas é fundamental para protexer un recurso tan valioso e limitado como é a auga.



22 de xullo de 2026

Asdo. Xosé Manuel Fernández Abrales
Alcalde de Barro